



CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA FORMACIÓN DE TÉCNICOS DEPORTIVOS EN ATLETISMO ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Dunha banda, o reitor da Universidade da Coruña, Julio Ernesto Abalde Alonso, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1. dos Estatutos desta universidade, no sucesivo **UDC**, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG do 26 de maio), modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do día 17).

Da outra, o presidente da Federación Galega de Atletismo, Isidoro Hornillos Baz, en virtude das atribucións que lle confire a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, como representante legal desta entidade, no sucesivo **FGA**, con NIF G-15103500 e domicilio fiscal na Avenida de Glasgow 13, Complexo Deportivo de Elviña, 15008 A Coruña.

Ambas as partes, en nome e representación das súas respectivas institucións e entidades, recoñécense mutua e reciprocamente capacidade suficiente e necesaria para este acto e proceden a subscribir o presente convenio de colaboración e de conformidade

EXPOÑEN:

1. Que o artigo 52 dos Estatutos da **FGA**, aprobados pola Xunta de Galicia, en aplicación da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, reconece a Escola Galega de Adestradores, no sucesivo AGA, como un dos órganos de funcionamento da FGA.
2. Que o artigo 4 do regulamento da Escola Galega de Adestradores indica que a mesma posúe predominantemente un *"carácter pedagóxico"*, procurando acoller a tódolos técnicos de atletismo da comunidade galega e *"proporcionarlles unha formación continuada co gallo de actualizar, ampliar e mellorar os seus coñecementos relativos ao eido da preparación do atleta"*.
3. Que o artigo 3 dos estatutos da **UDC** expresa que *"para o mellor cumprimento dos seus fins, a Universidade da Coruña poderá articular as súas actividades con outras universidades, dentro e fóra do sistema universitario galego, e manterá relacións con centros de investigación e institucións culturais e sociais"*.
4. Que o artigo 59.2 dos estatutos da **UDC**, referido á extensión universitaria, expresan que *"ten como finalidade contribuír ao progreso e á difusión da actividade científica, técnica, cultural e deportiva no ámbito da comunidade universitaria e da sociedade"* e que o artigo 11, en referencia ás funcións das facultades ou escolas, expresa que una delas é a de *"promover actividades culturais e de extensión universitaria"*
5. Que a **UDC** e a **FGA** desexan colaborar no marco das súas respectivas lexislacións e competencias no proceso de formación dos técnicos deportivos en atletismo e que, por todo isto, as partes que interveñen acordan formalizar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

1. Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é articular o marco de colaboración institucional entre a **FGA** e a **UDC** para poder impartir unha parte dos contidos conducentes aos títulos de Técnico Deportivo en Atletismo e Técnico Deportivo Superior en Atletismo organizados pola Federación Galega de Atletismo a través da súa Escola Galega de Adestradores, nalgunhas dependencias da UDC, ubicadas na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física (Bastiagueiro – Oleiros).

2. Segunda- Deberes das partes

A.- Deberes da Universidade da Coruña

A **UDC** cederá o uso das instalacións da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física á **FGA**, precisas para poder impartir os títulos indicados naqueles franxas horarias que non supoñan ningún prexuízo á docencia de grado superior que ten encomendada.

- Venres: 16,00 a 21,00 horas (Teóricas, nun aula, máximo 30 alumnos)
- Sábados: 10,00 14,00 horas (Prácticas, na pista de atletismo) e 16,00 a 20,00 horas (Teóricas, nun aula, máximo 30 alumnos)

B.- Deberes da Federación Galega de Atletismo

1. O desconto dun 30% dos custos de matrícula nos cursos de formación de Técnico Deportivo e Técnico Deportivo Superior en Atletismo a toda a Comunidade da **UDC**. No caso dos estudantes da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física a porcentaxe de desconto será dun 50%. En ambos casos, o número máximo total de beneficiados por curso será de 10 matriculados/as.
2. Cumprir a normativa de utilización das instalacións da **UDC**.
3. Asumir os custos de reparación necesarios no caso de que, como consecuencia da actividade desenvolta durante os cursos, puidera provocarse calquera deterioro no material ou espazo utilizado.
4. Equipar co material deportivo ou académico necesario e que non dispoña a **UDC**, cedendo o mesmo a actividade docente da propia facultade.
5. Colaborar coa Universidade da Coruña para propiciar que poida desenvolverse o Prácticum, tanto de xestión ou rendemento deportivo na sede central da FGA ou en calquera dos preto de 150 clubs repartidos en toda a xeografía galega ou en grupos específicos de adestramentos.
6. Destacar nas páxinas oficiais da FGA a colaboración da UDC.

3. Terceira. Relación laboral

A subscrición do presente convenio non comporta relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais propios ou subcontratados de ambas as entidades, que valen prestar servizos nas instalacións deportivas de ambas as entidades, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

4. Cuarta. Vixencia

A súa vixencia abrangue desde a data da firma do convenio ata o 31 de marzo de 2025. O incumprimento de calquera dos deberes contraídos no presente convenio por unha das partes facultará a outra para rescindir, de modo que quedarán automaticamente sen efecto todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do convenio, mais non así os deberes nel contraídos.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais a súa extinción.

5. Quinta. Comisión de Seguimento

Establecese unha Comisión de Seguimento que estará formada por:

- Un representante da UDC, nomeado polo Decano da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física.
- Un representante da federación, nomeado polo presidente da Federación Galega de Atletismo.

6. Sexta. Protección de datos

Os datos de carácter persoal dos estudantes que desenvolvan os cursos de Técnicos Deportivos en Atletismo conservaranse polo tempo necesario para o cumprimento das finalidades referidas de formación referidas, e en tanto non exista unha revogación ou retirada do consentimento dos interesados para o tratamento dos seus datos.

O interesado ten dereito a retirar ou rebocar o consentimento para o tratamento de datos (a dita retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento previo a tal retirada e a dita retirada do consentimento non afectará á obriga legal de bloquear os datos quedando os mesmos a disposición das administracións públicas competentes, xuíces e tribunais para a atención das posibles responsabilidades nadas do tratamento, durante o prazo de prescrición destas), e o interesado ten dereito: 1. A ter acceso aos seus datos persoais; 2. Á rectificación dos seus datos persoais; 3. Á supresión dos seus datos persoais; 4. Á limitación do tratamento dos seus datos persoais; 5. A oporse ao tratamento dos seus datos persoais; 6. Á portabilidade dos datos. 7. A presentar reclamación ante a Autoridade de Control (Axencia Española de Protección de Datos), todo isto nos termos establecidos no Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016.

O exercicio destes dereitos deberá exercitarse conforme ás regras da boa fe e sen incorrer en fraude de lei. O exercicio dalgúns dos ditos dereitos pode dar lugar á extinción da relación xurídica do interesado coa FGA e dos dereitos e deberes dimanantes de tal relación; non obstante, iso non impedirá nin o inicio ou continuación de calquera procedemento administrativo, arbitral e/ou xudicial en que o interesado puidese estar involucrado nin a utilización dos datos de carácter persoal en tales procedementos.

7. Sétima. Xurisdición e lexislación aplicable

O presente convenio ten natureza administrativa. As partes comprométense a resolver de xeito amigable calquera desacordo que puidera xurdir no seu desenvolvemento.

No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puideren presentarse tocante á súa interpretación ou cumprimento á xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, asinamos este convenio, en exemplar duplicado, no lugar e na data que a seguir se indican.

Julio Ernesto Abalde Alonso



FGA
Federación
Galega de
Atletismo

Isidoro Hornillos Baz

A Coruña, a 7 de abril de 2021